



MIÑA SARAH

A presente unidade didáctica sobre o filme *Miña Sarah* está realizada co obxectivo de que o profesorado poida traballar sobre el na aula, de maneira oral e con todos os alumnos e alumnas ao tempo, para que todos e todas compartan as diferentes opinións, experiencias, establezan debates etc. Pero ademais, engadimos unha pequena serie de preguntas para que traballen a película, xa de volta na clase e unha vez vista e comentada no cine, dende un punto de vista máis técnico.

Os profesores e profesoras, en función da diversidade do alumnado, poderán reformular algunhas preguntas ou ben eliminar ou engadir outras que consideren útiles. Neste caso, gustaríanos estar informadas dos cambios que se fagan, xa que isto pódenos axudar na elaboración de próximas unidades. Podedes enviar as modificacións ao seguinte enderezo de correo electrónico:

ofi.normalizacion@uvigo.org.

MIÑA SARAH

Un filme de Gustavo Ron

ARGUMENTO

Esta historia xira arredor de Marina, unha moza que coida do seu irmán, Samuel, dende a morte dos seus pais, xa que padece agorafobia e non pode saír á rúa. Ducas de psicólogos pasan pola casa, pero todos deixan o traballo por culpa das argucias de Samuel e do seu avó, Paúl.

Un día aparece un psicólogo distinto, Gabriel, e a historia cambia. As artimañas que adoitaban empregar avó e neto para desesperar os psicólogos non funcionan con el. Os seus métodos son distintos e parece que pode curar o irmán de Marina. Mais o asunto complícase cando Gabriel queda namorado de Marina.

Este filme é unha homenaxe ás persoas que contan historias, á figura do avó que posúe historias orixinais que contar.



PREPARÁMONOS PARA VER A PELI!

Para responder algunhas das preguntas que propomos a continuación sería conveniente que o alumnado visitase a biblioteca e manexase algunha enciclopedia ou outros materiais de consulta cos que conte o centro e que asistise á sala de ordenadores para facer buscas na rede, sempre guiados polo profesorado.

ACTIVIDADES

1. A película comeza cunha voz en *off*. Sabes que significa este termo?

RESPOSTA: voz de fondo que se escoita sen que se vexa o falante, xeralmente o narrador, ou pensamento de alguén que si está en escena.

2. No filme contan a historia dunha muller. Ese relato segue a estrutura do conto.
 - Cales son as características dos contos?

RESPOSTA:

- É unha narración curta e lineal, tanto na extensión como no tempo que pasa.
- A linguaxe é simple e directa.
- Todas as accións encamiñan cara ao desenlace.
- Implica poucos personaxes e os que existen móvense ao redor dunha mesma acción.
- As accións transcorren nun mesmo espazo, constitúen un só eixe temático e un só conflito.
- A habilidade coas palabras é moi importante, principalmente polo uso de alusións e suxestións, moi presentes neste tipo de textos.
- Estrutura tradicional: presentación, nó e desenlace.
- Final enigmático.



3. A radio xoga un papel importante no filme. Escoitades habitualmente a radio? Que diferenzas hai entre a linguaxe empregada e no xeito de falar na radio e na televisión?

RESPOSTA:

A linguaxe radiofónica

- O son. Na radio só se usa o son, algo que se debe ter en conta ao pensar neste medio de comunicación.
- A palabra. Débese falar de forma clara, correcta e atractiva.
- A música. É moi importante nos espazos musicais pero tamén se utiliza como fondo e para separar bloques de contidos.
- Os efectos especiais. Empréganse sons da vida real nalgúns espazos e tamén para identificar certos programas ou emisoras.
- O silencio. É importante utilizalo de forma correcta para que conteña valor expresivo.

A linguaxe televisiva

- É semellante á linguaxe cinematográfica, pois utiliza o mesmo código. É importante ter en conta que a pantalla da televisión é máis pequena que a do cine.
- Características:
 - Os programas están separados por grandes bloques de publicidade.
 - As mensaxes son moi rechamantes para manter o interese.
 - As mensaxes son sinxelas para chegar a todo o mundo.
 - Falséase a realidade por mor da tendencia á superficialidade que ten o medio televisivo.



4. Samuel ten agorafobia. En que consiste?

RESPOSTA: a agorafobia é un trastorno de ansiedade que consiste no medo aos lugares onde non se pode recibir axuda, por temor a sufrir unha crise de pánico.

Entre os medos que experimenta o agorafóbico están o medo a vivir unha crise, a desmaiarse, a sufrir un infarto, a perder o control, a facer o ridículo etc.

O trastorno xérase por algunha experiencia negativa por parte da persoa, que ao evitar as situacións parecidas está desenvolvendo un mecanismo de aprendizaxe que fai que o problema permaneza. O tratamento con máis éxito entre os empregados baséase en someter o paciente a unha exposición gradual ás situacións que lle provocan ansiedade.

- Coñeces algunha outra fobia?

EXEMPLOS: aracnofobia, claustrofobia, aerofobia...

5. Un dos personaxes da película desempeña a profesión de psicólogo. Moitas veces confundimos os psicólogos cos psiquiatras. Que diferenzas hai?

RESPOSTA: o psicólogo estuda o comportamento das persoas no social, no persoal etc. e o psiquiatra, o sistema nervioso e/ou as enfermidades mentais.

O psiquiatra é un médico (a psiquiatría é unha especialidade médica) e pode receitar medicamentos; o psicólogo non o pode facer.



6. Cando Marina e Gabriel se coñecen, esta dille que se poden atuar. Que significa?

RESPOSTA: tratar de ti a alguén.

Como vedes *atuar* e *actuar* teñen significados moi distintos, e só se diferencian nunha consoante. Observade estes pares de palabras aos que lles sucede o mesmo. **Buscade** o seu significado para realizardes despois unha frase con cada unha delas.

adoitar-adoptar

aprender-aprehender

grao-gran

enoloxía-etnoloxía

ficar-fitar

invertir-investir

influxir-infrinxir

secreto-segreto

soño-sono

xeneral-xeral

RESPOSTA:

Adoitar: ter algo por costume.//Ser habitual ou frecuente unha cousa.

Adoptar: tomar legalmente como fillo a aquel que non o é naturalmente.//Tomar como propia unha conduta, unha doutrina, unha moda etc., que non o é.//Tomar ou aprobar acordos con previa deliberación.//Adquirir a configuración de algo.

Aprender: adquirir o coñecemento de algo.

Aprehender: coller algo ou a alguén que se persegue.//Captar algo cos sentidos ou a intelixencia.

Grao: cada un dos estados, situacións ou valores que pode ter unha cousa en relación de menor a maior ou viceversa.//Cada unha das trescentas sesenta partes nas que se dividen a circunferencia e o círculo e coas que se miden arcos e ángulos.//Cada unha das divisións ou unidades dunha escala que corresponden a un sistema de medida, como o da temperatura ou o alcol.

Gran: importante ou de mérito.//Semente dos cereais ou doutros froitos, de forma máis ou menos redonda e sen casca.//Cada unha das partículas, de forma máis ou menos redonda, que constitúen unha masa máis grande.//Lesión cutánea leve consistente nunha pequena elevación da epiderme de ata un centímetro de diámetro, que pode ser orixinada por diversos motivos, como unha doenza, unha picadela dun insecto etc.

Enoloxía: estudo que trata das técnicas de elaboración e de conservación do viño.

Etnoloxía: ciencia que estuda os distintos pobos, razas e culturas, aproveitando os datos fornecidos pola etnografía.

Ficar: quedar, permanecer nun lugar ou estado.//Deixar de vivir.

Fitar: mirar fixamente.

Inverter: dar a volta a unha cousa, orde, disposición, sentido etc.//Tornarse unha cousa o contrario do que era.

Investir: empregar o capital en negocios para que aumente.//Empregar certo tempo, esforzo etc.//Conferir a unha persoa un cargo honorífico ou unha dignidade, poñela en posesión dun poder ou no exercicio de determinadas funcións.

Inflixir: causar ou aplicar un castigo, golpe, pena etc., tanto no sentido físico como no moral.

Infrinxir: non se ater ó estipulado nunha lei, tratado, disposición etc.

Secreto: non revelado á xeneralidade.//Oculto, escondido.//Que se realiza ou actúa sen ser coñecido polos demais.

Segredo: cousa que non se debe dicir ou non debe ser do coñecemento doutros.

Sono: estado do que dorme, caracterizado por unha situación de repouso, polo adormecemento dos sentidos e maila diminución relativa das funcións orgánicas.//Necesidade de durmir.

Soño: aquilo que un imaxina durante o sono, percibíndoo coma se fose real.//Aquilo ao que un aspira ou que un desexa moito.

Xeneral: xefe militar de máis alto grao no exército de terra ou do aire.

Xeral: que se refire ao conxunto de individuos, de casos, de detalles etc., e non a cada un en particular.//Que afecta a maioría ou a totalidade dunha colectividade.//Que abrangue o conxunto dunha organización, dun servizo etc.



7. Na película fálase da valeriana Para que se utiliza? Esta planta tamén é coñecida por outros nomes. **Buscádeos.**

RESPOSTA: birbiriana, herba bendita, herba benta, herba dos gatos.

8. Na antigüidade, sen medicamentos como os de agora, utilizábanse remedios caseiros para curar as enfermidades. Estes remedios contiñan plantas, que hoxe coñecemos como medicinais. Estas son algunhas plantas que aínda se empregan na actualidade: estruga, toxo, fiúncho, herba luísa e dente de león. **Investigade** as utilidades destas plantas.

RESPOSTA:

Estruga

-Ten propiedades culinarias.

-Utilízase en cosmética para o tratamento da alopecia e para o crecemento capilar.

-Proporciona numerosos beneficios para o corpo humano (sistema circulatorio, riles, pulmóns, estómago e intestinos; é depurativa e desintoxica o sangue rapidamente en casos de envelenamento. Restablece o bo ánimo e ten un suave efecto calmante nas persoas nerviosas.

Toxo

As sementes son aptas para elevar o ton cardíaco, para combater a asma, a tose ferina e mesmo a dor de cabeza. As flores, pola contra, usáronse popularmente en determinadas enfermidades do fígado.

Fiúncho

Combate as enfermidades do aparato urinario (diurético), dixestivo e analxésico. Serve como tratamento complementario da diabetes. En afeccións respiratorias axuda a desconxestionar os bronquios, alivia a tose e a dor de peito. Recoméndase para os gargarexos e os baños oculares.

Herba luísa

É axeitada para o sistema nervioso e eficaz nas indixestións. As follas serven para tratar a vertixe e as xaquecas.

Tanto as flores como as follas posúen un cheiro recendente e utilízanse na industria da perfumaría.

Dente de león

Emprégase en casos de trastornos dixestivos en xeral (estrinximento ou fígado perguiceiro), e en hipoacidez gástrica.

9. O filme comeza cunha receita de cociña a base de diversas especias. Para condimentar as comidas empregamos especias e plantas aromáticas. **Buscade** os nomes destes condimentos: pementa, pirixel, loureiro, ourego, azafrán, canela, noz moscada, romeu, tomiño, comiño e cravo.



DESPOIS DO CINE...

Como explicamos ao comezo, propomos unha moi breve serie de preguntas pensadas para que, xa nun ambiente máis “familiar” e acabado de ver o filme, este se traballe dende un punto de vista técnico.

1. A que xénero credes que pertence o filme que vimos de ver?

RESPOSTA: comedia romántica.

2. Presentade e describide os personaxes principais e secundarios. Clasificádeos en planos ou redondos. Xustificade as respostas.

RESPOSTA:

Personaxes principais: Gabriel, Marina, Samuel e Paúl.

Personaxes secundarios: Gabriela, Sarah, Manolo, o primeiro profesor.

Personaxes planos: todos os secundarios, agás Gabriela.

Personaxes redondos: os personaxes principais.

3. Os espazos son moi importantes na película. Cales credes que son os principais? Os personaxes teñen cadanseus espazos ben marcados. **Indicade** cales corresponden a cada personaxe.

RESPOSTA:

- Gabriel: traballo (casa de Marina) e casa
- Marina: traballo (bar) e casa
- Samuel: casa
- Paúl: casa

Fóra deses espazos principais aparecen outros espazos de relación entre os personaxes: a consulta (lugar do primeiro encontro), o restaurante, o bar etc.

Comentade a relación dos personaxes con eses espazos, tanto cos principais como cos secundarios.

4. A música é un elemento salientable no desenvolvemento do filme. Que sentido ten na película a radio e a música que poñen? Por que?

- Está relacionado con algún dos protagonistas?

5. O realismo máxico defínese como a preocupación estilística e o interese de amosar o irreal ou o estraño como algo cotián e común. Non é unha expresión literaria máxica. A súa finalidade non é a de suscitar emocións, senón máis ben a de expresalas e é, sobre todo, unha actitude fronte á realidade. O realismo máxico pretende dar verosimilitude interna ao fantástico e irreal. Pódense destacar os seguintes aspectos do realismo máxico:

- Contido de elementos máxicos ou ficticios percibidos polos personaxes como parte da “normalidade”.
- Planos de realidade e fantasía: hai feitos da realidade cotiá que se combinan co mundo irreal, fantástico, cun final inesperado ou ambiguo.
- Os feitos son reais pero teñen unha connotación fantástica, xa que algúns, ou non teñen explicación ou son moi improbables que sucedan.

- Quen é o máximo expoñente galego do realismo máxico?

RESPOSTA: Álvaro Cunqueiro

Investigade sobre a súa vida e obra

6. Recompilade entre as persoas maiores do voso contorno historias, contos ou lendas que coñezan. Despois compartídeas cos demais compañeiros e compañeiras de clase.

